


11 de febreiro de 2015

Defender o conseguido, avanzar en dereitos

AQUÍ FALTA XENTE

O ano 2014 rematou con máis de 1500 prexubilacións en BBVA.

É unha boa noticia para os compañeiros e compañeiras que se prexubilan. En moitos casos, persoas que levan traballando máis de 40 anos, e que teñen na prexubilación unha forma digna de rematar a súa vida laboral. Ata aquí, ben, pero...

As prexubilacións preséntanse como unha amortización de postos de traballo e a realidade moitas veces non é así. A realidade é que o traballo que realizaba a persoa prexubilada non desaparece e, simplemente, se reparte entre o resto de compañeiros e compañeiras da oficina ou departamento. O efecto é evidente: máis presión, máis ansiedade, máis esixencia de prolongar ilegalmente a xornada e menos saúde laboral e conciliación coa vida persoal.

Mentres tanto, BBVA continúa coa súa campaña "Eu son emprego" dando axudas para crear empregos fóra, obviando a necesidade de contratación que temos na propia casa. Ademais, os beneficios despois de impostos, nos peores anos da crise, foron 4.406 millóns € en 2012 (coa adquisición de Unnim), 2.228 millóns en 2013 e 1.929 millóns nos 9 primeiros meses de 2014, Son estes resultados un motivo para reducir emprego?

Aquí falta xente. Moitas oficinas están preto do colapso. A contratación con contagotas, ETTs a tempo parcial, e as prolongacións de xornada sistemáticas non son a solución para cubrir postos de traballo estruturais, que ademais non permiten ofrecer unha axeitada atención aos clientes.

A consecución de obxectivos a custa do equipo con presión e estrés, remata por pasar factura á nosa saúde física e dificultan a conciliación. A frase "BBVA é a mellor empresa para traballar" é xa unha utopía. Nin o equipo, nin os clientes nolo podemos permitir por máis tempo.

Seguimos traballando, seguiremos informando

Febreiro 2015

